

D/D^a , con
DNI , responsable d@ nen@:

DECLARO

baixo a miña responsabilidade que solicito a inscrición do nen@ indicado no VII Campus de Atletismo organizado polo Club Atletismo MillaRaio, e que lin con detalle a información proporcionada nas bases da actividade. Acepto as condicións de participación, expreso o meu compromiso coas medidas de hixiene e prevención obrigatorias e asumo toda a responsabilidade fronte á posibilidade de contaxio por Covid-19.

AUTORIZO

Ao Club Atletismo Millaraio para que capte imaxes, son e fotografías durante as actividades nas que participe o/a neno/a mencionado/a arriba, ben a título individual ou formando parte dun grupo, para a súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso, así como para o arquivo e utilización en actividades do Club, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado e o contexto no que foron captadas.

Aos monitores ou responsables do Club Atletismo Millaraio para que, en caso dunha emerxencia ou porque as circunstancias o fagan aconsellable, podan trasladar ao neno/a antedito/a en taxi ao centro de saúde, hospital ou ata o seu domicilio.

Ao desprazamento en autobús, no caso de actividades que así o requiran. Asimesmo, fareime responsable de:

- Deixar a/o neno/a no lugar e hora indicados polo club.
- Recoller a/o neno/a no lugar e hora indicados polo club.
- No caso de que o/a neno/a non vaia empregar o autobús no desprazamento, avisarei ao responsable do club de dita situación.

En , de de 2020

Asdo.: _____

No Club de Atletismo Millaraio tratamos a información que nos facilita co fin de proporcionarlle a información sobre o Campus e xestionar a súa participación no mesmo. Os datos proporcionados conservaranse en tanto se manteña a súa relación co Club ou durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais e atender as posibles responsabilidades que pudesen derivar do cumprimento da finalidade para a que os datos foron recabados. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se no Club de Atletismo Millaraio estamos tratando os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento ante Club de Atletismo Millaraio, Travesía da Moa, 2, 3ºB - 15895 Milladoiro-Ames (A Coruña) ou na dirección de correo electrónico millaraio@gmail.com, adxuntando copia do seu DNI ou documento equivalente. Asimesmo, e especialmente se considera que non obtivo satisfacción plena no exercicio dos seus dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade nacional de control dirixíndose a estes efectos á Agencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 – 28001 Madrid.